

O Traduzo

I.E.S. "ÁLVARO CUNQUEIRO", CURSO 2007-2008.

INDICE

<i>Día das Letras Galegas.</i>	3-4
<i>A xeración das novas tecnoloxías</i>	5-6-7
<i>Sexualidade e reprodución</i>	8-9
<i>O teatro no instituto</i>	10-11
<i>A cirurxía estética</i>	12
<i>O Cómic</i>	13-14
<i>Día internacional da muller traballadora</i>	15
<i>Fotos alumnos 07-08</i>	16-17
<i>Sechu Sende</i>	18-19
<i>A polémica lingüística</i>	20-21
<i>Pradolongo</i>	22-23
<i>Existe a labazada educativa?</i>	24
<i>Novas do ensino</i>	25
<i>Actividades do I.E.S. A. Cunqueiro</i>	26
<i>Os libros no "Álvaro Cunqueiro"</i>	27
<i>Ó "Álvaro Cunqueiro" na rede</i>	28
<i>Coplas do entroido</i>	29-30
<i>Entroido no instituto</i>	31
<i>1ª páxina do comic</i>	contraportada

Editorial

CUESTIÓN DE DEREITOS... E TAMÉN DE DEBERES

¿Que condicións se teñen que cumprir para que unha muller poida exercer os dereitos que lle reconece a lei? Primeira condición: que os seus maridos ou compañeiros non as maltraten ou as maten. Segunda condición: que os seus maridos ou compañeiros colaboren nas tarefas domésticas e no coidado dos fillos. O problema consiste en que esta segunda condición implica para eses homes unha serie de deberes que anteriormente, nas sociedades desvergoñadamente machistas, eran considerados deshonorosos: coser, cociñar, facer a compra, limpar e fregar, cambiar cueiros e un longo etcétera. Existe unha clase de homes que simplemente se negan e outra que, como se avergoñaría en caso de negarse, recorre ao expediente de declarar a súa ignorancia: "Non me aprenderon a coser, non me aprenderon a cociñar", declaran con falsa compunción. Ou tamén: "Non sei pranchar". Só cando alguén lles chama a atención sobre a posibilidade de aprender, quítanse a máscara: "Prefiro levar a camisa

enrugada antes que pranchar". A cousa transfórmase entón en cuestión de principios... e de dereitos. Se a situación se torna difícil (por exemplo, cando un dos dous ten que renunciar ao traballo para coidar dos fillos), xa se sabe a quen lle toca quedar en casa porque, a fin de contas, o normal, o natural é que a muller viva segregada da vida social.

Para que un cidadán castelanfalante poida exercer o seu dereito de falar castelán e que o entendan, outros cidadáns teñen que coñecer o castelán. Isto pode parecer moi obvio, pero a Constitución Española, no seu artigo 3º, tomouse a molestia de declarar expresamente o deber de todos os españois de coñecer o castelán. Para certo tipo de cidadáns españois, o obvio (o natural, o normal, etc.) remata aquí. Para eses cidadáns é todo menos obvio que para que un galegofalante poida exercer o seu dereito de falar galego e que o entendan, outros cidadáns teñan que coñecer o galego. Por exemplo: un cidadán español galegofalante para exercer o seu dereito necesita de policía, médicos, tendeiros, xuíces, avogados ou profesores que coñezan o galego.

Ate onde se sabe, todos, absolutamente todos os cidadáns españois galegofalantes cumpren a lei e, á parte do galego, coñecen perfectamente o castelán. Despois de todo manexarse en dúas linguas non é tan difícil, como o testemuña máis do oitenta por cento dos cidadáns que viven en Galicia. Non obstante, polo visto, existe un gravísimo problema de dereitos individuais cando se lle lembra a unha minoría de cidadáns que, como sinala a Constitución Española, o seu dereito a expresarse en castelán descansa nun deber para outros cidadáns e que, en xusta reciprocidade, estes cidadáns que cumpren o seu deber e son escrupulosamente bilingües teñen dereito a esperar que tamén os demais cumpran o que dita a lei. ¿Tan difícil é de entender que o exercicio dos nosos dereitos implica, sempre, unha serie de deberes para os outros e viceversa? Chámase igualdade de todos (de todos, sen excepción, sen segregación) diante da lei.

Para as mulleres é un incordio que aínda queden tantos homes reclamando o seu dereito a ignorar como se lava, como se cose, como se cociña, como se prancha e un longo etcétera. Xa sabemos que as mulleres son moi comprensivas e pacientes e que van deixando pasar a cousa, pero non é de moi boa educación que aínda por riba as traten de parvas e como seres inferiores: saben de sobra que deseñar unha ponte ou dirixir un banco non é incompatible con pranchar unha camisa ou atender un fillo, ou un pai, doentes. Claro que hai homes que aínda hoxe seguen declarando dignamente que tales cousas son incompatibles cos seus principios.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

XOSÉ M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

(Tui, 1915-Vigo, 1985).

Vida:

Nace na vila de Tui, o 5 de febreiro de 1915, onde seu pai Dario Álvarez Limeses exercía de médico. En 1933 ingresará na Federación de Mocidades do Partido Galeguista. Como consecuencia do golpe de estado nacionalcatólico do xeneral Franco, seu pai é fusilado en Tui, e el ten que abandonar os seus estudos de Filosofía e Letras. Sucédense os anos amarguísimos da guerra e da posguerra.

En 1945 atopará traballo estable como secretario da Confraría de Pescadores "San Francisco" de Vigo, e presentárase ao premio Nadal coa novela "En el pueblo hay caras nuevas", coa que quedará finalista. Un ano despois casa con María Luisa Cáccamo Friebe, coa que terá tres fillas e tres fillos, un deles o coñecido poeta galego X. M^a Álvarez Cáccamo. Establécense no barrio das Travesas de Vigo.

En 1948 funda a librería e a editorial "Monterrei"; e quince anos despois, a editorial Castrelos, que publicará textos fundamentais da cultura galega. Nos anos sesenta convértese en profesor de Formación

Humanística do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro. Ademais de creador literario, foi arqueólogo, investigador literario, cronista xornalístico, conferenciante, colaborador de programas radiofónicos, etc.

Morto o ditador, formou parte da candidatura do Partido Galeguista nas eleccións municipais de 1983.

Unha doenza cardíaca que arrastra durante moitos anos leva á morte en Vigo o 2 de marzo de 1985.



Obra poética en galego

"Poemas de ti e de min" (1949), "Roseira do teu mencer" (1950), "Romance do escritor peleriño" (1954), "Cancioneiro de Monfero" (1953), "Canle segredo" (1976), "Poesía galega completa" (Ed. Xerais, 2007)

O que escribiron os críticos literarios:

"Os seus catro primeiros libros mantéñense nunha liña estilística propia da xeración de 1925 (Luís Amado Carballo, Fermín Bouza-Brey). Dun xeito paralelo ao de Cunqueiro, xoga ao imaxinismo, ao popularismo, ao neotrobadorismo, mesmo semella que ao lorquismo. Pero o seu libro Canle segredo marca unha evolución a un estadio de gran sabedoría e madurez que pode expresarse en ton coloquial, en verso branco de limpa musicalidade e que se refire cordialmente ás realidade familiares e cotiás do poeta, cun certo recurso á nostalxia pola infancia perdida" (X.L. Méndez Ferrín)



"Tense dito que "Canle segredo" pertence á estética realista. Trátase dunha poesía de sentimentos confidenciais, formulados de maneira sinxela e, sobre todo, con grande autenticidade; unha poesía que se desvía do abuso da metáfora e que, dende o punto de vista formal, tende agora a un maior dinamismo, a unha retórica claramente conversacional" (Xavier Rodríguez Baixeras).

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Aquel neno que eu fun

Non me doe este anxeio, esta procura
de bens, que con soñalos
abonda. Non me fere
a anguria do vivir que non se atopa,
nin o noxo da xente que me luxea
con só o seu ollar de can doente.
Non me inquedan as dores,
nin a tebras da noite, que resoa
con chamadas do Alén que eu só escoito.

Nada xa me commove.
O que me fere e doe, o que me inqueda,
é aquel neno que eu fun, sempre perdido.

(Cante segredo)

Esse neno da rúa

Non é certo que os nenos teñan fame.

Non pode ser.

Ben o sabedes todos
os que andades no mundo atafegados.

à procura do pan dos vosos fillos.

Esos outros que vedes pola rúa
pedindo esmola,
non teñen fame, non, porque daquela
teriades morto de vergonza.

E ben vos vexo andar nos vosos coches

ou nos tranvías, a berrar de cousas
estranhas, -viva, beba, baba, buba!

sen reparar naquel esfarrapado
que coa moura manciña está petando
nunha porta de ferro.

Por iso penso que non é verdade

o que algún cariloso di dos nenos
que andan así, petando pola vida.

Non, home, non! -dixenlle a un daqueles.

A xente pasa leda... Fora boa
que andasen a rir dos seus crimes!





A XERACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

No último ano vendéronse cen millóns de iPods en todo o mundo, o que demostra a amplitude do emprego deste tipo de aparellos. Cando se empregan controladamente e a un volume adecuado, non supoñen ningún risco. Porén, ultimamente, sobre todo entre mozas e mozos, está a darse un uso abusivo.

É habitual ver os adolescentes cos auriculares postos a todas horas e en calquera lugar (na escola, no autobús...). Mesmo hai rapaces que comen con eles. Isto leva camiño de converterse nun gran problema ao que lle temos que pór fin polos riscos que conleva para a saúde: o sedentarismo nos menores de quince anos, o illamento consecuencia de pasar o día enteiro escoitando música, esquecidos do mundo... Pode provocar tamén problemas de audición, posto que moitos deses aparellos alcanzan os cento doce decibelios. Por último, os MP3 afectan á capacidade de autocontrol.

Sandra Bermejo



No noso tempo, as novas tecnoloxías convertéronse nun fenómeno importante da vida cotiá. Son un medio que permite acceder á información de xeito rápido e comunicarse con persoas de calquera parte do mundo sen necesidade de moverse de casa.

A mocidade é seguramente a parte da sociedade que máis e con maior facilidade emprega esas tecnoloxías. Non obstante, non todo son aspectos positivos. Moitos mozos e mozas fan un uso excesivo dos seus móbiles ou pasar horas á oito diante do televisor vendo cantidade de programas que nada bo aportan.

Por outra parte, existe o problema da dependencia que xeran as novas tecnoloxías. A gran maioría da xuventude non pode vivir sen elas e necesítas tanto para relacionarse cos amigos, como para divertirse. Chegan incluso a ser o único que de veras lles importa e deixan de lado calquera tipo de valores e aspiracións.

Claro que non só crean dependencia. Os videoxogos, por exemplo, influencia negativamente a través da violencia e o impulso de facer dano por simple pracer. Ademais, o tempo que duran no mercado é tan escaso, que rematan por converter a mocidade en escrava da sociedade de consumo.

Acabo sinalando, segundo a miña opinión, unha das cousas máis graves do emprego das novas tecnoloxías e é que non deixan pensar a un por si mesmo, senón que impoñen ás persoas xeitos de actuar e comportarse, converténdolas en automátas incapaces de tomar decisións.

Alexandra López Fernández



EMPREGO EXCESIVO

O 85% dos adolescentes menores de 15 anos é usuario habitual dun reprodutor MP3. Entre os indicadores que poden alertar dunha especie de adición ao MP3 atópase o uso durante máis de dúas horas diarias. "A utilización excesiva deses reprodutores pode espertar nos menores de 15 anos non só problemas de carácter psicolóxico, senón que implica tamén o sedentarismo físico", afirmou Javier Abril, psicólogo e profesor da Universidade de Valencia.

UN XEITO DE INTEGRARSE

Sempre tes que estar ao día no que se refire aos aparellos electrónicos. Se non, a xente é moi posible que te deixe de lado, fóra das conversas. Este comportamento acentúase entre o público adolescente e xuvenil. Para eles é moito máis doado sentirse integrados nun grupo se teñen un MP3, de ser posible iPod, unha videoconsola... Os seus maiores tómanos como algo natural.

A función do consumo destes aparellos non é satisfacer as necesidades, senón o ego de cadaquén. Un usuario medio non chega a sacar nin un 20% do rendemento dos seus aparellos. Almacenar 80 Xb de música, vídeos e fotos, é practicamente imposible. E se se consegue, ¿realmente alguén ten a capacidade de ver e escoitar todo o almacenado?

Hoxe 15 millóns de persoas utilizan a miúdo Internet en España. Segundo o Instituto Nacional de Estatística, o 81% emprega a Rede para enviar correos electrónicos, o 80% para buscar información, o 64% para comprar billetes de avión ou buscar información. Tamén para chatear (52%) e descargar películas, música ou xogar na Rede (48%).

A XERACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS



Un estudo realizado por unha entidade británica especializada en xordeira di que quen utiliza con demasiada frecuencia e un volume moi alto os seus reprodutores de MP3 corre o risco de quedar xordo trinta anos antes que as anteriores xeracións.

No noso país, os otorrinos aseguran que os reprodutores non son perigosos en si mesmos; todo depende do tempo de exposición e do volume con que se escoitan.

A xente nova é a principal usuaria destes aparellos. O volume con que son empregados resulta molesto tamén para aqueles que rodean ao usuario. Non sorprende xa ver a persoas que empregan os reprodutores MP3 mentres están a manter unha conversa cos seus amigos, o que representa unha gran falta de respecto.

Por todo isto, por favor, emprega o MP3 con moderación!

Marcos Fernández Alón




As innovacións tecnolóxicas son moi numerosas. Lembremos o MP3 e 4, o considerable aumento da capacidade de liña ou a nova xeración de videoxogos, a gran cantidade de novos complementos para os móbiles de última xeración ou a invención do DVD como forma de almacenaxe de datos.

Todas estas innovacións inflúen na nosa vida e son en parte positivas e en parte negativas. A miúdo chegan a modificar en gran medida a vida dos seus usuarios. As novas formas de reprodución de audio, coma o MP3 e 4, modificaron a súa calidade, así como a dispoñibilidade por permitir ir pola rúa escoitando música comodamente. En moitas sociedade, coma a xaponesa, son esenciais para que as persoas poidan alonxarse do mundo que os rodea e combater así o estrés.

A increíble capacidade da liña de Internet permite acceder á información a unha velocidade xamais imaxinada. Esta facilidade ten unha dobre vertente: permítelle á xente nova mellorar os seus coñecementos que, non obstante, vén acompañada do aumento da piratería. O mesmo ocorre coa facilidade para conectarse con persoas doutros países e continentes: illaos e repercute negativamente ao simplificar a linguaxe que empregan. Os videoxogos presentan problemas semellantes de illamento e abandono doutros xeitos de divertirse.

As conversas entre rapaces tratan cada vez máis destas novas tecnoloxías excluindo outros asuntos. A adquisición compulsiva é a miúdo consecuencia da competencia por estar á última.

Edgar Alcántara

**EQUIPOS ESCRAVIZADOS**

Anuncios de viagra, correos con contido misterioso e ofertas para gañar miles de euros que cheiran de lonxe a timo desembocan cada día no buzón dixital de case todos os internautas. Son spam, correo vasura. Europol asegura que o 70% deles foi enviado por un ordenador coma o do usuario convertido nun zombi. Equipos que, sen sabelo os seus donos, foron infectados por virus que permiten ás mafias utilzalos a distancia. Hoxe representan o 33% dos ordenadores do mundo.

Para evitar os sistemas contaminados, recoméndase o uso de antivirus, o equipo deberá protexerse mediante contrasinal, cómpre asegurarse a confianza ou acreditación dos sitios web antes de descargar arquivos, non instalar software que non proceda de fonte fiable.

ADICIÓN A INTERNET

Se o primeiro que fai en canto se ergue pola mañá é acender o ordenador e conectarse con Internet, revisa o seu correo electrónico cada cinco minutos ou pasa máis de 30 horas semanais -fóra do uso laboral- enganchado á Rede, ten vostede un problema. Algúns definiríano como un adito a Internet. Ao redor do 5% dos casos de adición que trata Proxecto Home son por dependencia de Internet e novas tecnoloxías, segundo esta asociación que atende unhas 13.000 persoas ao ano.


A XERACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Cabe considerar a tecnoloxía o campo de coñecemento que se aplica á resolución de problemas de supervivencia do ser humano, é dicir, á satisfacción das necesidades materiais da humanidade.

Un dos grupos humanos que máis influído está pola tecnoloxía é a mocidade, unha influencia que non deixa de aumentar. Converteuse en algo tan esencial que son moi raros os mozos e mozas que carecen de teléfono móbil ou un ordenador con conexión a Internet. As vantaxes superan con creces ás desvantaxes e volven a tecnoloxía imprescindible.

Entres as vantaxes, podemos sinalar o cambio que xerou no mundo, eliminando barreiros de tempo e distancia. Internet facilita a comunicación e permite compartir información con outras persoas e coñecer facilmente a outra xente. É rápida e permite agachar a propia identidade. O teléfono móbil tivo un grande auxe nos últimos anos. A xuventude realiza masivos envíos de mensaxes, aínda que con numerosos erros ortográficos. Aquí entramos no terreo das desvantaxes. Aquel tipo de escrita termina influíndo negativamente mesmo na fala.

Belén Martínez da Vila



CIBERMALEDUCADOS

A ciberetiqueta rexeita o emprego do móbil mentres se fala con outras persoas, non contestar un correo electrónico, non especificar o asunto da mensaxe ou, especialmente, o peor dos modais posibles, escribir todo o texto en maiúsculas.

Tamén se desaconsella enviar correo non desexado ou as típicas cadeas de mensaxes, revelar correo electrónico doutros destinatarios, non asinar os correos.

Aconséllase usar tons de chamada do móbil discretos, non responder as chamadas urxentes diante dos asistentes a unha reunión ou un acto social, contestar os correos na 24 horas seguinte á súa recepción.

A influencia que exercen as novas tecnoloxías na mocidade depende de numerosos factores e presenta moitas caras. O fundamentalmente é o fin con que se empreguen. Por si soas, as novas tecnoloxías nin son boas nin malas. Na meirande parte dos casos foron creadas para mellorar as condicións de vida e satisfacer as necesidades da poboación. Agora ben, o seu uso pode exercer unha influencia tanto negativa, como positiva nas persoas que as utilizan, algo moi acusado no grupo social que máis as emprega: a mocidade.

Os aparellos que manexamos os mozos e mozas de hoxe son numerosos e de natureza moi diversa e van dende un simple MP3 ata ordenadores de última xeración, pasando por videoconsolas ou móbiles. Non sei se por sorte ou desgraza non é posible atopar a ningún mozo que non posúa algún deses aparellos.

Debido á súa natureza intrínseca, a tecnoloxía está en constante renovación, o que implica que as grandes multinacionais teñen que vendernos produtos que apenas se diferencian dos que xa temos. Isto conséguese a través de grandes campañas publicitarias que contribúen a crear unha xuventude sen case valores e que se deixa levar polo consumismo.

Malia isto, dende o meu punto de vista, as novas tecnoloxías, pódese dar usos beneficiosos ou, polo menos, prácticos, entre os que destacaría a búsqueda de información co ordenador, algo inmediatamente aplicable á educación. A través da rede é posible descargar, sempre respectando a legalidade, libros, música, películas... Tamén favorece a rede as relacións a distancia, entrando en chats, foros, etc. Tanto o emprego masivo de Internet, coma do móbil vén facilitado polos rápidos avances tecnolóxicos e o abaratamento dos prezos, cada vez máis asequibles.

Os inconvenientes e as nefastas consecuencias do emprego destes aparellos tampouco escasean. Aínda que resulte paradóxico, ademais de fomentar as relacións a distancia, ou precisamente por iso, illan o individuo e serven para que este mate o tempo (ademais das neuronas) sen necesidade de levar a cabo ningún esforzo físico ou mental. Cousa que se advirte, por exemplo, nos videoxogos, máquinas que non serven máis que para evadirse do mundo real e para "vivir" situacións que non se poderían dar nas nosas vidas. E, por se todo isto non fose abondo prexudicial para as nosas mentes en desenvolvemento, moitos dos videoxogos que se venden nas tendas e que na maioría dos casos non son adecuados para a idade do usuario, fomentan actitudes violentas, debido á incapacidade dalgúns para distinguir entre a experiencia virtual e a realidade. Ademais, o seu uso continuado, pode provocar adición, fenómeno que resulta ser máis acusado en individuos que comezan a facer un uso excesivo en idades moi temperás. Hai mozos e mozas que antepoñen esas actividades a outras como saír cos amigos, ler, estudar, etc.

É sabido que, en certos casos, a tecnoloxía é empregada para a gravación de delitos tales como agresións, carreiras ilegais, etc.

O consumismo e a falta dunha capacidade de uso educado son repercutir negativamente.

Sara Rodríguez Martínez

GROOMING OU ABUSO SEXUAL A TRAVÉS DE INTERNET

- Aprender a ignorar o spam e non abrir os arquivos que procedan de descoñecidos.
- Evitese instalar o ordenador nos dormitorios de menores.
- Non instalar unha web cam no ordenador.
- Non revalar datos persoais a xentes coñecidas a través de chats, Messenger, MySpace, etc.
- Non enviar a descoñecidos fotos nin vídeos propios.
- Se os pais sospeitan que seu fillo é vítima de grooming contacte coa asociación www.protegeles.com

SEXUALIDADE E REPRODUCCIÓN

A diferenza dos animais, os seres humanos só relacionamos o sexo co pracer e non, como no caso das outras especies, coa reprodución. A pesar de toda a información que hoxe en día temos ao alcance e da variedade dos métodos anticonceptivos que existen, os adolescentes seguen a ter certas dúbidas que non se atreven a compartir con ninguén. Como consecuencia, hai cada vez máis adolescentes embarazadas ou contagiadas de SIDA.

O problema reside na falta de comunicación coa propia familia, debido a que aínda hoxe, en pleno século XXI, o sexo segue sendo un asunto tabú na relación entre pais e fillos.

Nerea Castro Messegueiro

Os embarazos en adolescentes aumentaron moitísimo estes últimos anos. Rapazas de entre 15 e 19 anos dan a luz ou abortan. A maioría destes embarazos son provocados pola "moda" de non empregar preservativo, deixando que sexa o rapaz o que controle a situación. Como a cousa resulta difícil, abundan os embarazos non desexados.

En moitos casos recórrase aos centros de planificación familiar para tomar a pílula do día seguinte, pero noutros agárdase "a ver o que pasa". Segundo algúns, a situación descrita débese a que non se imparten clases sobre sexualidade nos colexios, a que non se toman medidas abundas para dar a coñecer as posibilidades existentes de contracepción. Nas familias é tabú.

Para adolescentes o embarazo e o fillo que vén de nacer resulta unha carga inmensa. O peor é que hai pais que se desentenden do asunto. Os trastornos graves son o normal. Ocorre que logo as mais desas rapazas acaban facendo de mais das súas netas. A vida social da adolescente queda cortada.

É unha vergoña que haxa cifras tan altas de embarazos cando existe tanto anuncio de anticonceptivos, máquinas expendedoras de preservativos, etc. Cabe pensar que, ao final, non se trata tanto de que os adolescentes non somos informados, como de que facemos oídos xordos. Pesa máis o pracer inmediato que a prevención.

Susana Davila Díaz

O que reclaman os expertos é unha educación afectivo-sexual completa nunha materia obrigatoria no currículo dende a educación infantil á universidade. En Holanda, que ten a taxa máis baixa de embarazos adolescentes de Europa, a metade das escolas de primaria comeza a educación sexual, e estes contidos, máis alá dos puramente biolóxicos, pasan a ser obrigatorios en secundaria.

Porén, aumentar os contidos obrigatorios de sexualidade en España non se propuxo. Non se contemplou tampouco a idea de meter estes contidos en Educación para a Cidadanía, na que só se incluíron aspectos de xénero e o respecto a todas as orientacións sexuais.

SEXUALIDADE E REPRODUCCIÓN

Os seres humanos, como o resto dos seres vivos, nacemos, alimentámonos, medramos, reproducímonos e morremos. Na sexualidade das persoas debe de participar a vontade, a madurez e a responsabilidade. A vivencia da sexualidade resólvese con moita frecuencia de xeito conflictivo e cargada de confusión. Na adolescencia os rapaces/as enfróntanse á nova imaxe do seu corpo, así como ás posibilidades sexuais e afectivas. Non obstante, ao mesmo tempo, as mensaxes familiares e sociais que moitas veces reciben son contraditorias e confusas. Nin a familia nin o sistema sanitario resolven de maneira satisfactoria as dúbidas dos adolescentes.


Coa puberdade comeza un período de cambio físicos, psicolóxicos e sociais. A sexualidade forma parte de cada un de nós, maniféstase en todos os ámbitos da nosa vida. Vívese de distinto xeito en cada etapa da nosa vida. As persoas viven a súa sexualidade fundamentalmente para relacionarse, comunicarse e obter sensacións prazenteiras.

Pilar Costas

España está asistindo a un rearme ideolóxico importante dos grupos máis conservadores e de dereitas entre os que se atopa a Igrexa católica. Asístese por iso a unha situación similar á que se produciu nos setenta e oitenta: o abandono progresivo do apoio institucional, especialmente educativo, ao desenvolvemento na práctica de programas de educación sexual.

En novembro de 2003, unha pastoral da Conferencia Episcopal Española pediulle aos colexios católicos, onde estudan 1'3 millóns de alumnos, a maioría en colexios concertados, que fixesen un plan de educación afectivo-sexual. A doutrina da Conferencia Episcopal é que "a castidade non é unha represión de tendencias sexuais senón a virtude que fai que o home poida integrar rectamente a sexualidade". Non é descoñecida a postura da xerarquía católica, contraria ao aborto e ao preservativo.


SEXUALITY IS THE PRINCIPAL
OBJECT OF ART. IT'S ABOUT THE
PRESERVATION OF THE SPECIES



Á parte daquilo que temos en común co resto dos seres vivos, os humanos temos un ciclo vital enriquecido por outras cualidades e funcións que nos diferencian de todos os demais: a intelixencia, a educación, a cultura, a interrelación con outras persoas, a liberdade, os sentimentos, os afectos, etc.

Unha diferenza semellante existe na sexualidade. Se ben a súa finalidade é no mundo animal a reprodución .é dicir, a perpetuación da propia especie., nos seres hmanos esa non é a única función. As persoas vivimos a sexualidade fundamentalmente para relacionarnos, comunicar afectos e obtermos pracer. Todas estas son dimensións necesarias para o noso desenvolvemento persoal e para gozar do propio corpo. Queda, así pois, a procreación como tan só unha entre outras das finalidades da sexualidade.

Javier Montaña del Río



O TEATRO DO INSTITUTO



O soño dunha noite de verán

É a primeira obra mestra de Shakespeare e unha das doce obras súas de orixinalidade e forma esmagadoras. Mestura catro mundos diferentes: Teseo e Hipólita pertence ao mito e á lenda antigos. Hermia, Helena, Lisandro e Demetrio son os mozos namorados de todos os tempos. Titania, Oberón, Puck e algúns máis son habitantes do fantástico mundo das fadas. Finalmente, os cómicos Bottom, Snug, etc (Canivelas, Lapacaldos, Gatiñas...).

Entre eses mundos establécense diálogos marabillosamente absurdos. O soño dunha noite de verán conclúe con tres vodas e a reconciliación dos reis das fadas, Oberón e Titania. A máis fermosa comedia de todos os tempos.

Unha asombrosa (e valente) escolla

¿Cómo é posible que un grupo teatral de instituto se atreva a enfrontar a representación dunha obra tan complicada? Xiada, a directora da obra, antiga alumna do instituto, consumada actriz, fala da dificultade de dirixir unha obra con tantos personaxes. Cómpre de moita enerxía -a mesma enerxía que, durante os ensaios, lles pide decote ás actrices do grupo-, de moitos recursos e, tamén, de moita disciplina. Sen embargo, todas as actrices coinciden en afirmar, cando se lles pregunta, que preparar a representación é moito máis un pracer ca un traballo ("non custa tanto como gusta").

Os ensaios


Cómpre pasar por alto os pequenos desaxustes e imprecisións que se advirten durante os ensaios. A impresión que producen é a dunha maquinaria perfectamente engraxada. Aínda falta máis dun mes para a primeira representación e todo o grupo está tan metido nos seus personaxes que suxire continuamente novas posibilidades ao mesmo tempo que intenta respectar meticulosamente as indicacións da directora. ¿Como se pode explicar isto, sobre todo se temos en conta que se trata dun grupo formado maioritariamente por rapazas dos primeiros cursos de ESO? Hai varias explicacións. Unha delas: o rigor da directora. O grupo acepta como normal e necesario o emprego, por parte de Xiada, dun asubío de árbitro (que noutrora tamén foi un bombo ou calquera cousa polo estilo) para que o grupo non se distraia das tarefas do momento.

Un grupo cunha longa experiencia

Non se trata dun grupo novel ou inexperto. Andrea de León, Sofia Silvosa ou Paula Costas queren lembrar que moitas das actrices do grupo proceden das prácticas teatrais do colexio "Escultor Acuña". Alí deixaron a mestras como Maruxa ou Marián, das que gardan un gratisimo recordo. Pódese anunciar que o I.E.S. "Álvaro Cunqueiro" conta cun magnífico grupo teatral para moitos anos.

A maldición machista

¿Que concepto poden ter do teatro os alumnos do noso instituto para que, de entre eles, só saise un actor (Bilal Buschnafa)? Resulta vergoñoso que Xiada, a directora, tivese que recrutar a Carlos Gil, alumno do I.E.S. "Sta. Irene" para completar o reparto. Son as actrices mesmas as que piden que haxa unha chamada a que outros rapaces se animen a participar na gozosa experiencia teatral. Aquí un aprende a enfadarse, a rir, a chorar, a bailar, a dominar o propio corpo, a expresarse, a cantar, a falar, a moverse, a camiñar...






Teatro dentro do teatro



En medio do bosque un grupo de actores improvisados ensaia a representación dunha comedia. Canivelas, un deses actores, sinala que ao actor que faga de protagonista, Píramo, non lle vai gustar matarse coa súas propia espada. Lapacaldos, outro actor, propón suprimir a escena da morte para non amolar a ninguén. Entón Canivelas dá coa solución de que alguén escriba un prólogo que diga que, como tal, “a espada é de mentira e que de certo, Píramo, nin mata nin morre. E que eu, Píramo, non son Píramo, senón que veño sendo Canivelas, etc.” E o mesmo co león que sae logo a escena: que cómpre que se vexa ben que non é león, para non meterlle medo ao público, senón actor disfrazado de León. Pero de seguido xorden novos problemas; ¿como meter unha lúa no escenario? Daquela un dos actores reclama un calendario para comprobar se na noite da representación haberá lúa ou non.

Cando os actores (quérese dicir: as actrices que fan de actores que ensaian a comedia) interrompen os ensaios, resulta difícil saber se a interrupción pertence á obra de Shakespeare ou á obra que se representa dentro da obra da Shakespeare ou aos ensaios da obra de Shakespeare. En definitiva, que os ensaios non son ensaios senón unha obra en que se representa un ensaio dun ensaio.

O prodixio consiste en contemplar durante os ensaios a abraiante e maravillosa desenvolтура coa que Sofia Silvana, Lucía Cameselle, Paula Costas, Andrea de León, Carme Zalvide, Jessica Adan, Ana Prado e mais Bilal Buschnafa se moven no escenario. Cómpre ser moi intelixente para non perderse nese entrambilicado sarillo de ficións no interior doutras ficións. O dito: o teatro ten moito futuro no “Álvaro Cunqueiro”.



A CIRURXÍA ESTÉTICA





España é o primeiro país de Europa en operacións de cirurxía estética e o terceiro do mundo, tras EE.UU. e Brasil. É, ademais, o país con máis cirurxiáns da UE.

Das catrocentas mil persoas que se operan anualmente en España, o 10% son menores; e ningún outro país realiza tantas operacións en pacientes de entre 18 e 21 anos.

Non existe ningunha lei que regule estas operacións; porén, hai pouco, a Xunta de Andalucía preparou un decreto que vai regular o proceso e vai obrigar ás menores que se operen a realizar previamente un exame psicolóxico. Un estado da Facultade de Psicoloxía da Universidade Autónoma de Barcelona considera que a teima pola perfección corporal serve para agochar problemas psicolóxicos. As persoas e figuras estereotipadas fan que a sociedade teña uns ideais de beleza que levan a moitas adolescentes a querer cambiar a súa aparencia cando aínda están en pleno desenvolvemento físico e psíquico. O peor é que os pais o consenten.

Non deberían estar permitidas estas operacións salvo en casos que presenten graves problemas; é dicir, en casos que provocan graves trastornos psíquicos e físicos, como as orellas sobresaíntes. Finalmente, ¿quen é máis responsable da proliferación destas operacións, os médicos ou os pais que pagan a cirurxía?

Rocío González Fernández




Unha web denominada MissBimbo.com está a ser criticada de asociacións de pais e de profesionais da saúde do Reino Unido. Esta páxina anima a nenas/os de idades entre nove e dezaseis anos a someterse a operacións de cirurxía estética e a seguir dietas extremas. En só un mes de existencia, xa ten 200.000 seguidores/as.

Esta web propón un xogo: os usuarios elixen unha identidade virtual á que lle compran operacións de peitos e manteñen extremadamente delgada mediante a inxestión de pímulas. Tal xogo pode causar graves trastornos psicolóxicos e alimenticios.

O fenómeno da cirurxía estética en menores tamén chegou a España. Algúns expertos coidan que os implantes poden ocasionar graves secuelas xa que o individuo aínda non se formou. Algún exemplo é o das rinoplastias que, se ben ao principio non ocasionan ningún problema, logo, ao rematar o crecemento do nariz, pode torcerse e destruír un dos núcleos de osificación.

Coido que todos estes mozos non andan moi ben da cabeza do mesmo xeito que os seus pais tampouco son normais. A quen se lle ocorre regalar un aumento de peito por nadal? A súa prohibición sería o máis adecuado.

Carmen Zalvide Rodríguez




O CÓMIC

Ven da contraportada

Este grupo queda todos os dias, contam o seu dia de classe e põem-se a fazer actividades, como o basketball, skate, música... etc



A pesar de ser distintos, levam-se moi ben.




Problemas presentes na actualidade dividen o grupo

Xurxo decide comezar a consumir moito tabaco alcohólico e arogar conse...

Sandra é aceptada polo s "populares"

Martinho pechou se unha discoteca, dices a pagaia para non meterla nos seus vici

Discota



Xan entristécese e volve un pouco ffo
Xiada deprime-se pola disunión do grupo
Anita vólvese tristeira...



Anita e Xan os únicos que quedan do que fora ponen kiñtarse a tocar tristes melodías na música...



Xan decátase de algo moi importante



Martinho vai ao instituto con moitas feridas e ven o doutor. Xan e Anita ven isto e deciden falar un el




Nese momento, Sandra viu a aperta e sentíuse culpable de abandonar os seus amigos

Sandra volve cos seus amigos para desculpáse deixando o grupo dos "populares"


Na estabas pensando?



Casi todo o grupo está reconciliado, pero aínda quedan Xiada e Xurxo....



Xiada quis converter a Xurxo de que deixase os drogas o tabaco e alcoh.




Arrepentido polo que conseguiu, Xurxo foi pedírlle axuda aos seus antigos amigos.

Porque para os amigos é como se fose un amigo viciado




O CÓMIC

Logo dun tempo Xiada e Xurxo deixaron as drogas, o tabaco e o alcol, e o grupo volveu ser a que era, pero... con certos amoríos. E Martiño conseguiu ir a clases de coñía.



celebraron a solución dos seus problemas nun concerto...



... e tamén unha comida.

E non volveron a separarse nunca, nin sequer de adultos...





DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA (OITO DE MARZO)



DORIS LESSING (1919). British novelist.

- She is regarded as one of the major writers of the 20th cent.
- She also is an influential figure among feminist.
- She writes on a wide variety of themes: Rhodesia, women, communism and animals.
- Her work is principally concerned with the lives of women (their psychology, politics, work, relationship to men and their children and their change of vision as they age).
- She received the Nobel price.
- She does not like being considered as a feminist author because she thinks it would be a simplification of her ideas.
- She has written a lot of novels and also short stories and is well known all over the world.
- She has also written several short stories about cats, which are her favourite animals.
- When asked about which of her books she considers most important, she chooses "Canopus in Argos Series".




MARUJA MALLO (Viveiro, 1909-1996). Artista galega de vangarda.

Nace en terras galegas en 1909. En 1926 termina os seus estudos na escolas de Belas Artes de Madrid. Ese mesmo ano visita Canarias e as verbenas madrileñas.

En 1928, José Ortega y Gasset coñece os seus cadros e estampas e fai con elas unha exposición nos Salóns da Revista de Occidente de Madrid. Foi a súa primeira e única exposición para a devandita revista. En 1934 ocupa en Madrid unha cátedra na Escola de Cerámica, outra nun instituto de Ensino Secundario e outra na Residencia de Estudiantes.

En 1936 fúndasee en Madrid o salón de "Amigos de las Artes Nuevas", que inaugura Picasso. A segunda exposición corresponde á obra de Maruja Mallo. Neste mesmo ano realiza con Halfter, o espectáculo plástico-musical "Clavileño", que se estrea ese mesmo ano.

En 1936 introdúcese nos círculos artísticos bonaerenses. A partir desa data succédense a reo as súas exposicións en toda Europa e América.



Curso 07-08 2º Bach A



Curso 07-08 2º Bach B



Curso 07-08 2º Bach C



Curso 07-08 2º Bach D



SECHU SENDE

Datos biográficos

Xosé Luís García Sende (Padrón, 1972), máis coñecido como Sechu Sende, escritor galego que se iniciou como poeta formando parte da xeración dos 90 e que agora se revela como un dos narradores galegos máis importantes deste novo século.



Fundou o proxecto editorial Letras de Cal no que publicou o seu primeiro libro *Odiseas* (1998), con temas coma o amor, a liberdade, o compromiso... Gañou logo o premio Blanco Amor coa novela *Orixe*, que se pode ver coma un compromiso co ser humano, un canto á liberdade e á conciencia.

"Made in Galiza"

O último libro de Sechu Sende é un conxunto de relatos curtos que recibiu o premio Ánxel Casal ao mellor libro galego do ano.

Constitúe unha defensa do galego e da cultura galega; iso si, con moito humor e grandes doses de ironía.

Un libro imprescindible que procura a fórmula da liberdade na punta da lingua.



Visita de SECHU SENDE ao I.E.S. "Álvaro Cunqueiro"

O pasado 8 de abril Sechu Sende veu de visita ao "Álvaro Cunqueiro" para falármonos do seu libro *Made in Galiza*.

Contounos cando e por que comezou a falar en galego, unha historia que se atopa entre os relatos que forman o seu último libro.

Na súa visita Sechu sende leunos varias historias. Resultou ser unha conferencia-coloquio moi amena porque se notaba que sabía relacionarse moi ben cos mozos xa que actualmente é profesor de secundaria.

Coido que a visita de Sechu Sende serviu para confirmarnos a importancia de defender a cultura e a lingua galegas.

Sechu Sende amosouse moi amable en todo momento e, ao finalizar o acto, asinou e debuxou unha chea de autógrafos coma os que podeades apreciar nesta páxina.

Noemí Campos Souto

A Noemí,
fazendo o mesmo
con a lingua
Sechu * sende




SECHU SENDE

Sechu Sende entre nós

Hai uns días tiven a sorte de coñecer a Sechu sende en persoa, xa que veu ao meu instituto dar unha charla na cal comentou algúns dos relatos do seu libro *Made in Galiza*. Un dos relatos que lembro é o que presenta a historia na que se conta como fala con Castelao mediante o xogo da ouigha.

Polo que se refire á súa personalidade, pareceume un home encantador, moi próximo á xente e alegre. Rimos moitísimo con el. Foi unha mágoa que a charla tan só durase uns raquíticos cincuenta minutos.

Erea Alonso Álvarez



Enquisa sobre a fala entre mozos galegos unha noite de botellón (Fragmento tirado do libro *Made in Galiza*, editorial Galaxia, de Sechu Sende)

CATEGORÍA A: Desprezo pola lingua.

1. Pero qué mierda, dejaras de ese rollo del gallego, que no estamos en la aldea.
2. Si hablas gallego, no te comes un rosco.
3. Gallego, gallego, aún si supiese hablar inglés...

CATEGORÍA B: Indiferenza.

1. A mí, hip, el galleeeego me la sssuda. Pásssame el peto que el gallego me cooorta el rollo.
2. Pasa, tío, mientras no me lo impongan, yo soy libre de pasar del gallego como de la mierda.

CATEGORÍA C: agrado sentimental.


1. Pues es muy bonito
2. Mis abuelos siempre lo hablan y yo lo respeto porque me gusta.
3. El otro día vi un poeta gallego en la tele y estaba muy cachondo. Me moló.

CATEGORÍA G: Compromiso.

1. Por que carallo vou deixar de falar galego. Nin de coña.
2. El gallego es guai, a mí me mola máis que el castellano, tío, o día menos pensado pónome a falar galego e xa non paro. Ves?

CATEGORÍA H: Conflicto.

1. Se volves dicir que o galego é unha merda, métoche unha hostia de vinte quilos.
2. Al gallego le quedan cuatro días, independentista del carallo.
3. Vai rañala, facha de merda



A POLÉMICA LINGÜÍSTICA

Quere a dereita unha 'guerra lingüística'?

(...) A lingua galega pode ser un tesouro vivo ou pode enferruxar e mesmo ir entrando nunha fase de enterramento. Esta xeira é decisiva. Viñamos dun período preguiceiro. Non discuto vontades, mais si a capacidade de xestión. A languidez semella ser tamén o signo da política lingüística actual do bipartito. Semella que a mellor política lingüística é un bilingüismo aforrador: o nin Fu nin Fa. Pero o máis preocupante está a pasar non no goberno, senón no Partido Popular. Aí si que se move a política lingüística. Aí si que hai *lobbys* e mais lobishomes.

O Partido Popular non só é o partido da oposición. Por agora, aínda é o máis votado en Galicia. Se eses sectores extremistas, que disfrazan co termo "liberdade" posicións anticonstitucionais, arrastran aos conservadores a unha "guerra lingüística" danarán o partigo, farán del unha facción cada vez máis minoritaria, mais tamén danarán a Galicia. É consciente o señor Núñez Feijóo do que está a pasar en parte dos seus eidos, de cómo o están a utilizar? O actual líder popular é un home intelixente. Mais perdeu claramente o centro nas posicións lingüísticas. O que se está a facer hoxe en Galicia vai nas rodeiras da lei acordada por unanimidade e cando gobernaba o Partido Popular. A *guerra lingüística* que algúns irresponsables están intentando provocar non ten ningún fundamento. **Non hai ningún galego, por moi nacionalista que sexa, que queira renunciar ao pluralismo lingüístico. O único perigo de defunción que hai aquí é o do galego.**

Se o bilingüismo harmónico definira a situación real, por qué a teima dalgúns en opoñerse ao 50% de materias impartidas en galego no ensino? A campaña de desharmonía é, ademais, e como diría Groucho, unha contradición absolutamente contraditoria. Por non falar da **proposta anticonstitucional de intentar establecer un réxime de apartheid lingüístico nos centros** (...).

Manuel Rivas, *El País*, 14 de marzo de 2008



Existe o dereito de ignorar o idioma galego?

(...) **No caso dos docentes que refugan o uso do galego nas aulas**, adoitan evocar a liberdade de cátedra: ninguén pode obrigar un/ha profesor/a a utilizarnas aulas unha determinada lingua. Este argumento é insustentable, pois **o profesor cumpre unha función de servizo público e debe cumprila nos termos establecidos pola normativa legal.**


Sen dúbida, un proceso de cambio dende unha situación de predominio excluínate dun idioma (o castelán) fundado na marxinación doutro (o galego) a unha situación de progresiva promoción do idioma postergado, presenta dificultades inevitables, sobre todo para os escolantes.

O profesorado ten que dispoñer de tempo para adaptarse e a administración debe ofrecerlle a posibilidade e as maiores facilidades para obter a suficiente capacidade na segunda lingua. A prudencia aconsella que as autoridades educativas actúen coa maior flexibilidade, atendendo as situacións particulares que poden xustificar un tratamento excepcional, e sempre co maior respecto polas leis e os dereitos individuais. Pero unha cousa é a prudencia e outra moi distinta é o desleixo, que acaba por abrir a porta á irresponsabilidade, e torna as leis en papel mollado.

Na realidade, para unha boa parte de docentes reacios, o problema reside sobre todo na falta de motivación, que pode obedecer a diversas causas, en parte comprensibles: dende que non se saben explicar ben as razóns que xustifican a política de galeguización no ensino, pasando pola carencia de incentivos, ata a simple comodidade, que convida a seguir coa rutina.

(...) Pero o argumento maior contra a galeguización consiste en que a opción lingüística é cuestión de liberdade individual: "Que os galego-falantes, se ese é o seu desexo, teñan garantido un ensino en galego; e reciprocamente os castelán-falantes". Esta posición responde a unha radical incompreensión do modelo de convivencia lingüística que diseña a lexislación vixente, convivencia que constitúe un dos piares da nosa democracia. O galego (igual que o castelán) non é a lingua oficial da parte de Galicia que o fala, é o idioma oficial do país. Non é concibible o mantemento dun mínimo de cohesión social e de sentido de pertenza compartida a un país se cada grupo lingüístico se aconcheга en si mesmo dando as costas aos demais.

Henrique Monteagudo, *El País*, 15 de xuño de 2007



1. Manifestamos o noso máximo respecto polas dúas linguas oficiais de Galicia, o galego e o castelán. Ambas forman parte do patrimonio cultural de Galicia e por iso merecen ser obxecto do noso recoñecemento e protección.
2. Os cidadáns deben ter dereito a utilizar calquera lingua que sexa oficial no territorio en que residan nas súas relacións coa Administración, e esta deberá dirixirse aos cidadáns na lingua oficial que estes elixan. Isto debe reflectirse tamén en toda a información escrita elaborada pola Administración, que deberá estar dispoñible en ambas as linguas oficiais.
3. A Administración debe absterse de impor hábitos lingüísticos aos cidadáns, e de establecer cotas mínimas de falantes. Calquera coacción ou imposición neste sentido debe ser rexeitada, por constituir unha clara vulneración da súa liberdade individual.
4. Cremos que só os falantes das linguas son suxeitos de dereito, e non as linguas en si. Neste sentido reiteramos o noso máis profundo respecto por todas as linguas e os seus falantes.
5. Consideramos que cando nun territorio existan varias linguas oficiais, o seu ensino debe ser obrigatorio, como materia, nos correspondentes plans de estudo; pero de maneira que exista liberdade de elección por parte dos pais ou, se é o caso, dos alumnos respecto da lingua na que estes deben recibir o resto do ensino.
6. Consideramos que a Administración debe limitarse a ofrecer aos cidadáns as maiores facilidades para que estes aprendan as linguas oficiais do territorio sobre o que exerce as súas competencias. Isto inclúe a realización de campañas de promoción para a aprendizaxe das linguas, así como axudas, subvencións ou incentivos aos particulares, individuos, empresas ou outro tipo de asociacións. A este respecto ha de terse en conta que a lingua galega e os seus falantes sufriron situacións de agravio no pasado, sen que iso poida xustificar a vulneración dos dereitos lingüísticos dos que prefiren expresarse en castelán. Estas axudas deberán de facerse dentro duns límites orzamentarios razoables.


Calquera información ou declaración que non sexa acorde con estes principios nunca poderá ser atribuída a GALICIA BILINGÜE.

Touriño: “La lengua gallega necesita apoyos que no necesita el castellano”

El presidente recuerda que el idioma sufrió años de abandono y marginación

miércoles 9 de abril de 2008

Galicia@elpais.es




Lingua inicial segundo a idade (Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004)



Emilio Pérez Touriño.

Touriño: “Hay consenso para la recuperación del gallego”

Para el presidente de la Xunta, Emilio Pérez Touriño, “no existen dudas del amplio consenso social en torno a la necesidad de que haya una política lingüística que favorezca la recuperación del gallego”.



A MESA

ROSA MANRIQUEGA
 INSTITUCIÓN
 LINGÜÍSTICA


Rúa do Pazo, 151 | 1º planta
 46114 - 46115 | 46116
 46117 | 46118 | 46119 | 46120 | 46121 | 46122 | 46123 | 46124 | 46125 | 46126 | 46127 | 46128 | 46129 | 46130 | 46131 | 46132 | 46133 | 46134 | 46135 | 46136 | 46137 | 46138 | 46139 | 46140 | 46141 | 46142 | 46143 | 46144 | 46145 | 46146 | 46147 | 46148 | 46149 | 46150 | 46151 | 46152 | 46153 | 46154 | 46155 | 46156 | 46157 | 46158 | 46159 | 46160 | 46161 | 46162 | 46163 | 46164 | 46165 | 46166 | 46167 | 46168 | 46169 | 46170 | 46171 | 46172 | 46173 | 46174 | 46175 | 46176 | 46177 | 46178 | 46179 | 46180 | 46181 | 46182 | 46183 | 46184 | 46185 | 46186 | 46187 | 46188 | 46189 | 46190 | 46191 | 46192 | 46193 | 46194 | 46195 | 46196 | 46197 | 46198 | 46199 | 46200

Manifiesto POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO

As persoas e entidades que apoiamos a manifestación nacional “Polo dereito a vivirmos en galego” este 18 de maio de 2008, declaramos:

- 1) Consideramos que vivir en galego é un dereito inalienábel das persoas na Galiza, e un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galiza, e que mesmo o Estatuto de Autonomía o cualifica como “a lingua propia” do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.
- 2) Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que exige compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das Administracións públicas.
- 3) Denunciamos e alertamos contra os que, apuntándose agora á defensa dun suposto bilingüismo, un bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego. Ou, o que é o mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.
- 4) Chamamos ao compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos, no noso traballo, nas relacións coa administración, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós.

“PRADOLONGO”



A estrea de Pradolongo en Vigo

A película, con equipo e guión integramente en galego, estreouse o pasado día 4 de abril nos mellores cines de Vigo.

Dirixida por Ignacio Vilar e protagonizada por Tamara Canosa, Rubén Riós e Roberto Porto, rodouse en Valdeorras, no extremo oriental da provincia de Ourense, terra do director da película.

O día da estrea viñeron a Vigo o director e mais os principais protagonistas a presentarnos a película. Explicáronnos que estamos afeitos a ver películas americanas onde nada do que vemos é realmente como o que vivimos. Pradolongo, porén, relata as nosas propia vivencias coma galegos e tenta demostrar que os galegos podemos contar as nosas propias historias.

Logo de asistir á presentación, animeime e fun vela. Sorprendeume ver tanta xente de todas as idades no cine e como, logo do pase, todos saían moi contentos.

O certo é que me gustou moito. A medida que se desenrolaba a historia deses tres rapaces loitando cos seus sentimentos de amor e amizade, notaba que xurdía a miña curiosidade por saber como continuaría a súa historia. Ademais, esas escenas típicas de aquí, de Galicia, coas súas coas, os animais, os costumes e mais a fala, lembrábanme a reo escenas da miña aldea.

Foi unha experiencia diferente e mereceu a pena. Non podó máis que recomendala.

Elisabet Bayer Gutiérrez

A historia

Coa paisaxe galega como protagonista secundaria, "Pradolongo" é un drama que conta a historia de tres amigos adolescentes que ven estragada a súa amizade a medida que os intereses de clase e os sentimentos amorosos entran nas súas vidas. É a historia dun primeiro amor adolescente e o amor no que as inocentes vidas duns mozos se complican cos asuntos dos adultos.

Os protagonistas

Rubén Riós (1980), actor dramático dende 2001, comezou representando coa Escola Municipal de Teatro de Vigo e traballou como técnico de escena. Interpretou para a televisión como actor de publicidade e en teleseries. Tamén escribe guións.

Tamara Canosa Ferrío (1983) participou en teleseries e telefilmes para a TVG a finais dos noventa. Encarnou o papel de Laura en Mareas vivas. Tamén actuou como secundaria na teleserie Valderrei. Foi protagonista de curtametraxes como Bechos raros e Juan Marante.

“PRADOLONGO”

Entrevista dos alumnos do “Álvaro Cunqueiro” aos protagonistas

Alumnos do instituto: Resultouche difícil centrarte no personaxe?

Tamara: Todo o traballo resultou difícil no inicio. Logo, comezas a vivir o papel coma se se tratase da túa propia historia.

Alumnos: Que opinión vos merece que sexa a segunda longametraxe rodada en galego?

Rubén: Deberían rodarse máis películas en galego, pero antes habería que intentar cambiar os prexuízos da xente sobre a nosa lingua.

Alumnos: Como compaxinas a película cos estudos ou a túa vida?

Roberto: Debo recoñecerme que me custou moito porque, como sabedes, segundo de bacharelato, é un curso que esixe moita dedicación. Pola tarde chegaba moi canso a casa.

Alumnos: Tiveches vergoña ao facer algunhas escenas da película?

Rubén (rindo): É un exercicio moi complicado que tiven que practicar nas clases de interpretación. Roberto, en cambio, pasouno moi mal. Por exemplo, na escena do baño, el e mais a actriz que estaba con el nesa escena, non eran quen de darse un bico, así que para que lles fose máis doado púxenme en bólas.

Alumnos: Tes algún parecido co personaxe?

Rubén: Non, non me parezo. Eu non son tan tímido, tan introvertido. Só me parezo nunha cousa: en que el persegue un soño; o mesmo ca min.

Lúa, Arantxa, Jessica e Patricia (2º Bach.)

Un star system galego

O director de Pradolongo está convencido da necesidade de crear un star system galego. “Hai historias boas que contar, paisaxes impresionantes e agora cómpre buscar un star system galego se queremos vender a nosas películas, ter unha industria do cine coma os demais. O noso valor son os actores e as actrices”.

Os actores seleccionados tiveron que someterse a un curso de actuación de catro horas diarias durante seis meses para participar na rodaxe. O director do filme, Ignacio Vilar, estivo convivindo con rapaces, saíndo de marcha e charlando moito para construír o guión que fala das difíciles relacións cando se cruza a fronteira da adolescencia cara á vida adulta.

A última longametraxe galega proba sorte estes meses nos festivais máis importantes de Europa.



GRAN VIA CINES

C/ Miradoiro, 2 - Vigo

PRADOLONGO

Sala	Fila	Butaca
8	10	14

04/04/08 23:00

Viernes o Vísperas de Festivós Ordinaria (Gener

CIF: A36927259 CIPROGA S A

PVP: 6,40Eur (7% IVA Incl.)

040408225336 S:9688 E:128T3

O escenario

A bisbarra de Valdeorras non é só escenario, senón tamén protagonista do conflito entre os traballadores da pizarra e os ecoloxistas. O filme expón o enfrontamento entre ambas posicións. Unha situación conflictiva de actualidade a do intento por recuperar as entulleiras en que se amorean os cascallos producidos polos traballos nos montes. “O que quixen mostrar é que temos que apostar polo turismo, porque é o noso futuro, o que non pode traer moita máis riqueza cá produción de lousa”.

EXISTE A LABAZADA EDUCATIVA?



Aínda hoxe, no noso país, o castigo físico dos fillos é aceptado socialmente pola maioría dos españois. Este suposto "método educativo", que denota inexperiencia e carencia de mellores estratexias nos pais, quedou xa desfasado, como demostran numerosos estudos psicolóxicos.

Persoalmente, estou en contra. Pode valer para resolver unha discusión nun momento determinado; pero non serve para lle facer ver ao neno que o que fixo mal e corrixirillo. É certo que pode aparecer como inevitable nun momento de descontrol, aínda que cómpre aquí realizar unha distinción: non é o mesmo unha violenta labazada ca unha inofensiva azouta con apenas forza nas nádegas. Igual que tampouco é o mesmo un golpe esporádico, un simple lapote, có uso da violencia como método habitual. Isto pode obter como resultado que o neno perciba a violencia coma unha solución que tamén el pode empregar na súa vida cotiá.

Aos que coidan que non é posible unha educación sen algún tipo de violencia, suxeriríalles que a maneira axeitada de afrontar as trasnadas dende ben pequenos dos seus fillos é tratar de explicarllelo. Deste xeito desenvolverá a súa capacidade razoadora e acabará obedecendo aos pais aínda que non por medo a un castigo, senón porque llelo dita a súa razón. Por último, cumpriría non confundir evitar a violencia sobre os nenos que malcrialos.

Hugo Infante Pino

O castigo físico é unha solución empregada durante moito tempo como medio educativo. Agora quérese prohibir por lei a labazada debido a que a ONU así llelo solicitou aos gobernos. Deste xeito, o goberno español pretende seguir as directrices tanto da ONU, como da Convención dos Dereitos do Neno, que non aceptan a labazada como método educativo.

Segundo unha enquisa de hai pouco do Centro de Investigacións Sociolóxicas, o 56% da poboación está de acordo en que ás veces é imprescindible pegar a un fillo para educalo.

Coido, pola miña parte, que un lapote ou unha azouta ocasional, que non é o mesmo que unha labazada, pode axudar. O problema consiste en que é case imposible saber quen recorrerá ao lapote ou á azouta de xeito esporádico ou habitual. O recurso en cuestión é habitual en persoas que carecen doutras habilidades educativas. A labazada é un recurso demasiado simple que evita dar explicación e reduce todo a un isto si e isto non. Con todo, a longo prazo, tal actitude pode causar problemas xa que tal violencia física vén acompañada da psicolóxica. Logo dun certo tempo, o neno acabará considerando a violencia como algo normal e perderá a súa suposta efectividade.

Segundo os expertos, outra consecuencia da violencia sobre os nenos é a inhibición á hora de expresar as súas frustracións ou o sentimento de inferioridade. Por último, eses nenos tamén adoptarán de maiores as mesmas condutas violentas.

Pode que o debate que se abriu recentemente sexa debido á confusión entre a defensa dun simple lapote esporádico e a defensa da violencia. Un pai pode explicarlle de mil xeitos a un neno que algo non se debe facer; mais ás veces os fillos pónense cabezóns, patexan, espernexan, choran, e a única maneira de calmalos é cunha azoutiña ou cunha labazada. O neno chegará á conclusión de que a tal rabecha non lle serviu de nada e a próxima vez que lla dean aceptará a explicación.

Leonor Ruano



O debate sobre se é admisible e pedagóxico dar a un fillo unha labazada ou unha azouta no cu cunha zapatilla rexurdiu logo de que o Senado decidira, cos votos de catro grupos (os do PP, PNV, CiU e mais Coalición Canaria), non eliminar do Código Civil a potestade dos pais ou titores de "corruxir razoable e moderadamente" aos menores. A ONU e as organizacións en defensa da infancia coidan que ese artigo ampara a labazada no ámbito familiar e pediran a súa eliminación. O Congreso aprobou que se substituíse esa "corrección" por garantir "o respecto á integridade física e psicolóxica dos nenos".

Cando menos 30.000 menores reciben algún tipo de maltrato físico cada ano en España. Hai 7 '9 millóns de menores, dos cales 15 de cada mil sufriron algún maltrato. En un de cada catro casos trátase de golpes, coma labazadas ou lapotes. Estes datos fan referencia aos casos detectados a través dos servizos sociais ou sanitarios e recóllense no estudo O Maltrato Infantil en España. Un total de 14 países europeos prohibiron expresamente o castigo físico: Austria, Croacia, Chipre, Dinamarca, Romanía, Finlandia, Alemaña, Islandia, Bulgaria, Letonia, Noruega, Suecia, Ucraína e mais Hungría. Reino Unido é un dos países máis remisos á prohibición.

NOVAS DO ENSINO

GALICIA E O INFORME PISA

O informe PISA, que pon a proba o nivel educativo de 57 países, sitúa os estudantes galegos no posto 20 en coñecementos científicos, por enriba da media española e das nacións participantes. O primeiro exame internacional ao que se someteron os escolares galegos de 15 anos indica o seu bo rendemento en física, química e mais bioloxía, aínda que tamén as súas dificultades en matemática e lectura.

O informe, ela pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), cunha mostra de 1.573 alumnos galegos de 53 centros, revela que a súa destreza en ciencias é maior do que cabería esperar do nivel económico e cultural do país e que a diferenza entre colexios é a menor do mundo logo de Finlandia. "As posibilidades de éxito en calquera centro de Galicia son as mesmas", deduce a conselleira de educación.


Nos exercicios de lectura e matemáticas, os estudantes galegos baixan aos postos 29 e 25 da clasificación, respectivamente. Aínda que nestes coñecementos os estudantes galegos están por riba da media española, a súa comprensión lectora é inferior ao promedio dos países participantes e o seu manexo dos números non supera este nivel

ESTUDAR CIENCIAS XA NON ENGAIOLA

Os modelos de éxito cambiaron -xestor de fondos de investimento, director de mercadotecnia, empresario punto.com- e estudar ciencias xa non garante unha gran saída e a presión familiar xa non é tan forte. A ciencia perde estudante no mundo occidental, tamén en España. E en moitos laboratorios hai máis estranxeiros facendo a tese que españois.

Cando se trata de elixir carreira, os mozos mostran unha grande afección polas ciencias sociais e mais a economía e menos interese polas ciencias experimentais e a tecnoloxía; aínda que existe unha grande excepción, as ciencias da saúde, que sempre teñen máis demanda que as prazas existentes nas universidades.

Aumentou moito a oferta en carreiras de ciclo curto, e os estudantes coidan que as ciencias e as enxeñerías son demasiado duras. Calcúlase que nos próximos catro anos cumprirá incorporarse ao sistema de ciencia e tecnoloxía 50.000 científicos e enxeñeiros. Ademais, a calidade dos estudantes está caendo, de xeito que os licenciados que se dedican ao acabar os estudos á investigación en medicina ou bioloxía xa non son os mellores. Tamén é certo que un investigador doutor pode empezar cobrando 1.000 euros nun contrato de bolseiro e sobrepasar apenas 3.000 euros no cumio da súa carreira. Ao remate da carreira o número dos que aspiran a realizar teses doutorais é moi reducido. En moitos laboratorios e grupos máis competitivos hai hoxe máis estudantes estranxeiros ca españois.



NON É A COMIDA, É O DEPORTE

Os nenos engordan non porque se ateguen con comida vasura, unha dieta hiperproteica, hipergraxenta e hipercalórica, senón porque non se moven, porque coa pouca educación física do colexio, a única actividade para moitos, non poden combater a sobredose calórica. A solución, pois, non é a dieta. Numerosos estudos advertiron a pouca eficacia que teñen as modificacións nutricionais na diminución da obesidade a medio prazo, e mesmo son cuestionadas en períodos de crecemento crítico. A maioría dos rapaces non saben nin que existe un deporte como o atletismo, quizais porque o seu profesor deixou de dalo ou porque lle gusta só dar aulas teóricas. Moitos profesores de ximnasia recoñecen que dan moita teoría e pouca práctica; mais esas aulas pouco intensas son debidas a que os rapaces axiña se queixan e os pais protestan se se lles esixe. A aula en teoría son 50 minutos; porén, os rapaces encárganse de retallala lacazaneando para chegar. Ademais, a programación da materia obriga a ensinar os fundamentos de varios deportes.

Os rapaces están afeitos a que ninguén lles esixa un esforzo; e cando o fan, confúndeno co esgotamento. En canto lle custa facer algo, din que están esgotados, aínda só estean a 140 pulsacións, que é o 70% da súa capacidade. E logo, ao día seguinte, veñen cunha nota dos pais para que sexan eximidos da aula porque teñen maniotas. Unha hora de actividade a 120-140 pulsacións son unhas duascenas calorías. Se se fixese coa lóxica intensidade, serían 60 máis, co que con dúas horas á semana se lograrían o obxectivo: o control do gasto enerxético propio da actividade física deportiva e así controlar a pandemia da obesidade.



ACTIVIDADES DO I.E.S. “ÁLVARO CUNQUEIRO” CURSO 2007-2008.

Visitas a centros de traballo

Alcampo, Pili Carrera, Coca Cola, Faro de Vigo, Alfageme, etc.

Visitas ao entorno

Río Lagares e praia das Barcas, praia da Fontaiña, encoro de Zamáns e muíño de Maquías, universidade e natureza no campus de Vigo.

Visitas a museos

Fundación Barrié de la Maza, Museo Liste, MARCO, Casa das Artes.

Teatro

En francés (“Chapeau”, “Le bourgeois gentilhomme”), en inglés, en castelán (“Campeamos con el Cid”, “Rebeldes”, “Fuenteovejuna”), viaxe ao Festival de Teatro Grecolatino de Lugo, representacións do grupo teatral do instituto.

Actividades lúdico-tradicionais

Celebración do magosto, festa de nadal, entroido, Día das Letras Galegas, celebración do 23 de abril, Día do Libro.

Actividades interdisciplinares

Club de lectura, Semana da Ciencia.

Actividades complementarias

Sendeirismo, participación nun pleno do Concello sobre o botellón, participación no concurso “Constrúe unha célula” da Facultade Bioloxía, participación no Forum Educa no IFEVI.


Documental Linguas cruzadas

O mes de marzo realizouse no noso instituto un aplaudido pase do documental dirixido por María Yáñez Anllo, un documental de 50' que afonda na cuestión sociolingüística a través da xente nova, da primeira xeración da historia que tivo o galego coma lingua oficial. Recolle as opinións de máis de 35 persoas, centrándose en 5 personaxes que representan outros tantos paradigmas de falantes da mocidade actual.

Antón Reixa escribiu nun artigo (El País, xuño, 2007): “Recomendo a todos o visionado dun extraordinario documental, Linguas cruzadas, emitido o pasado mes de maio na TVG e da autoría da miña colega de columna, María Yáñez. (...) O documental constrúe coas opinións (sen voz en off) de rapaces de diferentes idades escolares e universitarias. É dunha grande heteroxeneidade en canto á práctica e hábitos lingüísticos dos seus protagonistas, pero todos eles teñen en común a tolerancia e a absoluta falta de hostilidade cara ao galego e coa conclusión, insólita ate agora na historia de Galicia, dalgúns que coidan que non dominar o galego é unha carencia”.

O “Álvaro Cunqueiro”, premiado

Nos XVII Premios Irmandade do Libro resultaron galardoados con senllos accésit os centros de ensino IES “Álvaro Cunqueiro” e o CEIP Emilia Pardo Bazán, “renovación da súa biblioteca para convertela nun lugar de encontro para os rapaces, no primeiro caso; e pola dinamización da lectura e os traballos realizados en torno á lectura dos libros, no segundo caso”, sinalou o xurado.




OS LIBROS NO "ÁLVARO CUNQUEIRO"


Ayllón, no Libroforum do IES A. Cunqueiro

Redacción VIGO

O departamento de Lingua Castelán e Literatura do instituto Álvaro Cunqueiro de Vigo organizou un libroforum con José Ramón Ayllón, autor do libro "Vigo es Vivaldi", dirixido aos alumnos de 1º a 4º de ESO, que previamente leron esta obra. Esta actividade, que contou coa axuda do Ministerio de Cultura, está vinculada ao Proxecto Lector do Centro que ten por obxectivo animar á lectura tanto de obras clásicas como contemporáneas. A lectura dos libros de clase complétase coa asistencia a representacións teatrais e a visita a exposicións.



O escritor cántabro José Ramón Ayllón, no IES A. Cunqueiro.



Alumnos asistentes ao Libroforum do IES Álvaro Cunqueiro de Coia.

BIBLIOTECA RECOMENDAMOS

ESO:

- DEL AMO, M.: *Los hilos cortados.*
- BOYNE, J.: *El niño del pijama de rayas.*
- CONAN DOYLE: *Las aventuras de S. Holmes.*
- GARCÍA MÁRQUEZ: *Relato de un naufrago.*
- LONDON, J.: *Colmillo blanco.*
- JAMES, H.: *Una vuelta de tuerca.*
- GALDÓS: *El abuelo.*
- SEPÚLVEDA: *Un viejo que leía novelas de amor.*
Historia de una gaviota y del gato...
- STEVENSON: *La isla del tesoro.*
- VERNE.: *Hay la colección completa de sus obras. Elige ti!!!*
- HADDON: *El curioso incidente del perro a medianoche.*

BACHILLERATO:

- SENDER: *Réquiem por un campesino español.*
- SCHLINGER: *El lector.*
- GARCÍA MÁRQUEZ: *Crónica de una muerte anunciada.*
Cien años de soledad.
- MÉNDEZ: *Los girasoles ciegos.*
- MENDOZA: *Sin noticias de Gurb.*
- MASON: *El afinador de pianos.*
- MASTRETTA, A.: *Arráncame la vida.*
- TORRENTE BALLESTER: *Filomeno a mi pesar.*
- DULCE CHACÓN: *La voz dormida.*
- ESQUIVEL, L.: *Como agua para chocolate.*
- DOSTOYESKY: *Crimen y castigo.*




Coloquio con Fran Alonso: con quen "recuperamos o hábito de escribir e recibir cartas".



-Recital poético-musical dos alumnos.

martes, 04 de diciembre de 2007 2:18:48 Fran Alonso

Bos días, Bos días David, Jonathan, Gael, Yoli e Lorena, Sara (que carta tan longa e ben escrita, Sara), Adrián e Laura. E tansen aos que non escribistes comentarios pero ledes os dós vosos compañeiros e compañeiras. En primeiro lugar, quería felicitaros pola vosa capacidade para crear, para reflexionar, para valorar, para pensar, para inventar. Na vida que é posible facelo, que sabedes facelo. O que si xa é mais difícil é atrevese a publicalo no blog, como fixestes vos. E por iso quería darvos tamen os meus parabéns. Cando un le un libro, sempre deixa na súa lectura uns certos sinais de identidade que cada un de nós levamos nas entrañas, por iso cada unha das lecturas que cada un de vos fai é diferente das outras, e por iso o libro xa non é meu senón voso, e dos personaxes que agora vos, para contestar as cartas, foles capaces de crear. Moitos parabéns e hoxe vémonos. Saudade,
Fran Alonso



O "ÁLVARO CUNQUEIRO" NA REDE

AD IES "ÁLVARO CUNQUEIRO" TAMÉN SE PODE ACCEDER A TRAVÉS DE INTERNET.

RECOMENDAMOS DOUS ENDEZESOS:

• O DO SEMINARIO DE FILOSOFÍA: [O CLUB DAS IDEAS.](#)

• O DA NOSA BIBLIOTECA:

[HTTP://MERLIN.BLOGALIZA.ORG](http://merlin.blogaliza.org)

NESTES ENDEZESOS ATOPARÁS ARTIGOS DE OPINIÓN, MENSAXES DOS ALUMNOS SOBRE OS ACTOS CELEBRADOS DURANTE O CURSO NO INSTITUTO, INFORMACIÓN DE LIBROS, FOTOS E UN LONGO ETC. CALQUERA DE NÓS PODE AXUDAR A AMPLIAR OS CONTIDOS DESTES ENDEZESOS PARA QUE CADA VEZ SEXAN MÁIS INTERESANTES. UN XEITO DE RELACIONÁRMONOS. APROVÉITAO.



4 Decembro 2007

Arquivado en [merlin](#) @ 9:12 am

Coloquio con Fran Alonso, con quen "recuperamos o hábito de escribir e recibir cartas".
-Recital poético-musical dos alumnos.



martes, 04 de decembro de 2007, 2:18:48 (Fran Alonso)

Bos días. Bos días David, Jonathan, Gael, Yoli e Lorena, Sara (que carta tan longa e ben escrita, Sara), Adrian e Laura. E tamén aos que non escribistes comentarios pero ledes os dos vosos compañeiros e compañeiras. En primeiro lugar, quería felicitarvos pola vosa capacidade para crear, para reflexionar, para valorar, para pensar, para inventar. Xa vedes que é posible facelo, que sabedes facelo. O que xa é máis difícil é atrevirse a publicalo no blog, como fixestes vós. E por iso quería darvos tamén os meus parabéns. Cando un le un libro, sempre deixa na súa lectura uns certos sinuos de identidade que cada un de nós levamos nas entrañas, por iso cada unha das lecturas que cada un de vós fai é diferente das outras, e por iso o libro xa non é meu senón voso, e dos personaxes que agora vós, para contestar as cartas, fodes capaces de crear. Moitos parabéns e hoxe vémonos.
Saúdos,
Fran Alonso

Comentarios a este artigo poden aparecer en calquera momento.

viernes, 30 de novembro de 2007, 12:31:43; Laura González Loureiro

Vigo, 29 de Outubro de 2007

Querida amiga:

Eu estiven en moitas guerras e non foi agradable ter que matar a tanta xente inocente. O único que quedou foi o reguileo de sangue que desprendían tantos mortos, restos, casas derruídas e queimadas.

Non vou participar en máis conflitos bélicos, antes era obrigatorio, agora non.

No mesmo esqueceron as guerras por un tempo posto que a economía está mal e o resto dos países que non queren loitar.

Despois desta última guerra as persoas xoves, mulleres e vellos emigraron a Bucarest, en Romanía para que non os mataran como a maioría da poboación.

MIÑA ESTÉTICA É A MIÑA ÉTICA



A contracultura é un movemento de rebelión contra a cultura hexemónica, que presenta un proxecto durha cultural e unha sociedade alternativas. Exemplos de manifestacións contraculturais son os seguintes:

SKINHEAD: movemento xuvenil orixinado en Gran Bretaña nos anos 60. Orixinariamente pertencían á clase media e proletaria. Moitos de eles eran apasionados do fútbol e convertéronse en hooligans. Outros dedicábanse a pelexar nas rúas. Algúns asocián ó movemento skin a ideoloxía nazi e cren na supremacía do home branco.

GÓTICOS: Movemento que xurdiu en Reino Unido entre o 70 e 80. Teñen unha estética propia centrada na cor negra e a súa maquillaxe resalta a palidez do rostro. A súa vestimenta está inspirada no Renacemento e xeralmente predominan as cores escuras. Na música tenden a sons dark (ou oscuros). A cotío, a ideoloxía gótica é de natureza apolítica, baseada moito máis na estética que en ideais éticos ou políticos

claramente definidos. As súas preferencias van dende o anarquismo a o liberalismo social.

RASTAS: A maioría son africanos de Jamaica. O movemento estendeuse por todo o mundo grazas a Bob Marley.

Aspecto físico: peinado rasta, barba longa (para demostrar devoción).

Gastronomía: son vexetarianos.

Música: reggae.

A diversidade das sectas que engloba esta relixión teñen un punto en común: a creenza de que Ras Tafari Makkonen é a reencarnación do Deus Bíblico; mesías negro que levará os pobos africanos no exilio de novo a súa terra prometida, Zion.

A estes tres exemplos habería que engadirne algúns máis: **Hippies, Punk, Hip-Hop...**

¿Presentan estes grupos algún modelo de sociedade alternativa?

¿Que valores defenden?

<http://www.blogoteca.com/clubdasideas/index.php>

Escribe o teu comentario (10) - Categoría: Socioloxía - Publicado o 29-01-2008 11:15

• Ligazón permanente a este artigo

Mais NENAS que NAIS



Un embarazo non desexado na adolescencia pode ser un drama, e marcar para sempre o futuro dunha rapaza que antes de deixar de ser nena convírtese en nai.

O número de embarazos en nenas menores de 15 anos aumentou un 76% entre 2001 e 2005, segundo as estatísticas que se posúen. Hese último ano preto de 600 adolescentes afrontaron unha xestación e case oito de cada dez abortaron voluntariamente por risco na súa saúde física e psíquica.

A taxa de embarazos en adolescentes foise incrementando cada ano e de forma máis acusada entre as máis pequenas. En 2005, últimos datos dispoñibles, 153 nais menores de 15 anos tiveron o seu primeiro fillo, segundo datos do INE. Ademais, outras 423 nenas desas idades interromperon voluntariamente o embarazo en 2005, un 97% máis cás 214 que o fixeron en 2001.

Xestacións tan precoces como o test da pequena de Penferrada de 11 anos que investiga a Fiscalía de Menores desa cidade son excepcionais. A maioría quearon embarazadas ós 14 anos.

Por comunidades, as cifras máis altas de interrupción voluntaria déronse en Andalucía, con 112 casos, Cataluña e Madrid, con 52 cada unha delas, Canarias, 41 e Comunidade Valenciana, con 39.

A realidade é que está descendendo a idade en que os menores se inician no sexo -hao redor dos 16 anos- e enfrontárase a un embarazo.

¿Discútiuse o tema da sexualidade na tua casa?

¿Cal é a túa opinión sobre o asunto?



COPLAS DO ENTROIDO

Xuízo do entroidiño ou meco

*Culpámoste, meco,
porque este mundo
está a quedar
moi, moi seco.*

*Culpámoste, meco,
por certas contrariedades
que lles están a custar a vida
ás nosas maxestades.*

*Culpámoste, meco,
de tanta pobreza:
se cadra, hai xente
que non a mereza.*


*Culpámoste, meco,
pola enfermidade da SIDA
que nos está a quitar
a nosa vida.*

*Culpámoste, meco,
por tanta esixencia;
non somos bos estudantes,
pero temos intelixencia.*

*Culpámoste, entroidiño,
por non poder sacarlle
máis proveito ao libriño.*

*Culpámoste
porque Maradona
aínda non deixou
a metadona.*

*Culpámoste
porque no telediarrio
sempre sae
"O solitario".*



*Culpámoste, mequiño,
pola lesión de Ronaldinho.*

*Culpámoste, mequiño, pola altura
que ten o noso Loisiño
e polo "Jeeba" de Daquiño.*

*Culpámoste
de que Jéssica e Moisés
non se dean un bico,
polo menos, ao mes.*

Álumnos de 1º de ESO C



Peliqueiro



COPLAS DO ENTROIDO

Testamento

Deixo aos alumnos de 1º da ESO
un bo diccionario
para que amplíen o seu vocabulario.

Déixolles ás mulleres
a oportunidade
para demostrar
que teñen igualdade.

Deixo a miña paixón
para encher o teu corazón.

Déixolle a Lois
unha cadeira eléctrica
para que estea
coa "pata quieta".

Déixolle a Moisés
uns poucos modais
e así sexa máis cortés.

Déixolle a Prado
un "cinturón"
para que non se lle vexa
tanto o calzón.

Á profesora Otero
déixolle un coiletero
para que recolla o cabelo
que o ten moi belo.


Déixolle unha correa nova
a Xermán
para poder pasear
o seu can.

Deixo a Diego
unha cantimplora
para que estea
todo o día na póla.

Déixolle a Ana
uns pantalóns de "campana"
Deixo uns tenis a Sofía
para que non
taconee tanto
e me produza antipatía..



Pantalla



Alumnos de 1º de ESO C

Deixámoslle a iago
Material
para que en Plástica
non faga o animal.

Deixámoslle unha radio nova
a Carme Castaño
porque a súa
xa é de "antaño".

Deixámoslle
unhas vacacións a Chema
para que non sexa
tan esixente co tema.

Máis coplas

Unhas copliñas zeitosas
imos no cole argallar
para neste entroido
ao noso meco xulgar.

Culpámoste, meco,
por El-Rei enfiadar
que ata a Chávez "no cumio"
tivo que mandar calar.

Culpámoste porque ao cole hai que vir
cun ouriñal equipados
pois cando pedimos para ir
non nos deixar ir ao baños.



Culpámoste, meco, polo lume e polo fume
que neste verán tivemos que aturar
os bosques galegos senten moita pesadume
deixade xa de os queimar!

Culpote, meco, por facerme traballar
tanto entroido, tanto entroido
e coplas teño que argallar
cando o entroido só é para gozar.

Culpámoste, meco, por non ter mandado
a Chávez ao paronlario para así
aprender vocabulario.

Culpámoste, meco, porque a casa é
para descansar e non para traballar.


ENTROIDO NO INSTITUTO



Estamos no 2008, na cidade de Vigo, concretamente no barrio de Coia.

Hoxe vai bo día, moitos rapaces quedaron para saír, cada un coa súa panda, entre tantas, fixémonos nesta.

Parque da Miroca




Estes rapaces son músicos, e, cada un deles, é único na súa forma de ser, aínda que teñen 16 anos, xa case rrazoan como adultos.



Xan, un rapaz rexeitado socialmente porque nunca soubo comunicarse ben. Aparenta ser frío, tatuouse na fronte e baixo este aspecto atopase un bo rapaz.

Anita ten complexos, saca boas notas e é moi alegre.

Sandra, unha rapariga doce, pero intimidada pola sociedade.



Xurxo, un rebelde que pasa de medio mundo por incomprensión.

Xiada, unha emo que pasa do insti xunto con Xurxo

Martiño, un rapaz que se mete en moitos líos, o seu soño é ser cocineiro.

